

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Descubrimiento e Exploración da Contorna é unha das áreas do curso de 6º de Educación Infantil, e ten como finalidade a construción e o coñecemento afianzado do medio físico, natural e social como un todo integrado, así como as súas interrelacións, favorecendo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno.

O desenvolvemento desta área estará vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións, así como coa promoción dunha actitude crítica, positiva e creativa.

Para desenvolver esta área temos en conta que o noso centro está ubicado nun barrio (San Pedro) nas aforas de Santiago e os nosos 17 alumnos/as de 6º de EI (12 nenas e 5 nenos) viven maioritariamente no barrio e o seu nivel socio-económico e cultural é medio. Estas circunstancias fan que aínda vivindo nunha cidade teñen moito contacto coa natureza pois na contorna do barrio dispoñemos de bastantes zonas verdes, isto dalle un carácter especial ao desenvolvemento desta área.

O noso obxectivo fundamental de cara a esta área é que as nenas e os nenos adopten e desenvolvan actitudes de respecto e valoración sobre a necesidade de coidar e de protexer a natureza, de cara a percibir a contorna como un todo integrado. Polo que a programación desta área está deseñada para ser desenvolvida globalmente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Con esta nova lei é fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Partimos da concepción dos medios físico, natural e social como a realidade na que se aprende e sobre a que se aprende para iso organizamos a área ao redor de catro obxectivos. O primeiro oríentase ao desenvolvemento de destrezas que axudan a identificar e a establecer relacións lóxicas entre os distintos elementos que forman parte da contorna; o segundo céntrase no fomento dunha actitude crítica e creativa para identificar os retos e propoñer posibles solucións; o terceiro supón o achegamento respectuoso cara ao mundo natural para espertar a conciencia da necesidade do seu uso sustentable, coidado e conservación; e o cuarto achega a nena e o neno á contorna social en que vive que no noso caso é o barrio de San Pedro.

Consideramos estes obxectivos fundamentais polo que a filosofía do noso centro é facer del un centro aberto, tanto no sentido de que o alumnado saía e experimente de cara ao exterior (contorna) como de que a contorna entre no noso centro por medio das familias, das asociacións de veciños/as... pois o medio natural e os seres e elementos que o integran son obxecto preferente da curiosidade e do interese infantil.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto expostos no apartado 3.1) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso que no noso centro denominamos Semana Cultural e na que participan todos os cursos e que este ano leva como lema: "De aquí e de acolá".

Incentivamos que o alumnado, alentado polo interese e pola emoción, participe con iniciativa propia en situacións de aprendizaxe en que interaccione con obxectos, espazos e materiais. Manipulando, observando, indagando, probando, identificando, relacionando, analizando, comprobando, razoando... descubrirá as calidades e os atributos dos elementos da contorna máis próxima (o noso barrio).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1	1	1					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1	1	1		1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1	1			1	1		
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1			1	1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Medramos	Iniciaremos o curso cunha unidade na que faremos fincapé en que constúan unha imaxe positiva e axustada de sí mesmos/as. Coñecer o propio corpo, e o dos outros/as, tomando conciencia das súas emocións e sentimentos, resolvendo conflitos da vida cotiá por medio do diálogo, respetando as diferenzas. En resumo, explorar o propio corpo a través da acción e dos sentidos, desenvolvendo progresivamente a súa autonomía.	40	X		
2	O meu mundo	Trátase de centrarnos na realidade máis próxima ao alumnado o climatoloxía (propia do outono) coas tradición da nosa cultura (vendima, magosto, samaín ...) Promovendo entre os nenos e as nenas a exploración da contorna e o coñecemento e valoración da cultura galega, mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes e dende o respecto á diversidade cultural da contorna.	40	X		
3	A auga orixe da vida	Co fin de concienciar ao alumnado na importancia que a auga ten para os seres vivos e especialmente para os seres humano, fencendo fincapé no papel que	50		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A auga orixe da vida	todos e todas temos nun desenvolvemento sostible (cambio climático)	50		X	
4	A volta ao mundo	Aínda que esta unidade está ubicada no 2º trimestre, este curso 2023/24 iremos dando pinceladas da mesma ao longo de todo o curso posto que é o tema da nosa Semana Cultural que este ano está adicado ás multiculturas baixo o lema " De aquí e de acolá ". Traballaremos proxectos relacionados con outras culturas facéndolles ver que as diferencias enriquecen. Fomentando actitudes de respecto de cara aos outros/as.	60		X	
5	O sons da vida	Nesta unidade trataremos a importancia do son e do silencio, baseándonos, principalmente, en actividades manipulativas e de exploración.	40			X
6	Os animais e máis eu	Nesta unidade incidiremos no coñecemento e coidado dos animais e a súa importancia na supervivencia do ser humano.	50			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Medramos	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos correctos en diferentes contextos	TI
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Desplázase polo espazo empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel, empregando o vocabulario topolóxico básico.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñecer situacións susceptibles de medir e cuantificar.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Emprega estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demais.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna, e valora a súa importancia.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Coñece e describe modelos de familia e parentescos de xeito respectuoso.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándolas como sinais de identidade.	Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
2	O meu mundo	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos correctos en diferentes contextos	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Desplázase polo espazo empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demais.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna, e valora a súa importancia.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Coñece e describe modelos de familia e parentescos de xeito respectuoso .	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Habilidades do pensamento computacional. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
3	A auga orixe da vida	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipótesis e leva a cabo accións para comprobalas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demais.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes, e establece comparacións entre eles.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.

UD	Título da UD	Duración
4	A volta ao mundo	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna.	TI
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Habilidades do pensamento computacional. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

UD	Título da UD	Duración
5	O sons da vida	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos.	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipóteses e leva a cabo accións para comprobalas.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).

UD	Título da UD	Duración
6	Os animais e máis eu	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos.	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipóteses e leva a cabo accións para comprobalas.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes, e establece comparacións entre eles.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Os seres vivos e as súas características.

Contidos

- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada para desenvolver esta área estará baseada en distintos principios da aprendizaxe como que ésta non se leva a cabo por acumulación de coñecementos senón pola reorganización dos mesmos integrando os coñecementos xa existentes; isto orixina que se faga necesario un tratamento globalizado do proceso de ensino-aprendizaxe no cal o alumno/a poida interrelacionar os seus coñecementos previos cos novos. Tendo en conta que tódolos coñecementos abarcan diferentes campos tanto físicos, sociais como afectivos é imprescindible o tratamento global. Os/as alumnos/as constrúen a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos elementos introducidos supoñan a reestructuración (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos e desta forma adquirirán significado para eles/as. Por isto a metodoloxía utilizada consistirá en crear as condicións necesarias que inciten o alumno/a a iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos conflitos cognitivos plantexados.

O traballo será cooperativo, organizándose en grupos, onde a comunicación e o diálogo sexa a vía de solución de problemas, conflitos e respecto as diferencias, favorecendo a creación dun ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros/a, respecto as diferencias.

No proceso de ensino-aprendizaxe, teranse en conta as características individuais dos alumnos/as así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Planexaranse sempre que sexa preciso aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado en aqueles alumnos/a con necesidades educativas especiais. Fomentaremos a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que o alumno/a mediante a súa práctica e actividade, descubra e integre nos seus esquemas cognitivos os novos coñecementos, dotarase aos alumnos/as das ferramentas e estratexias necesarias para elaborar o seu propio aprendizaxe (auto aprendizaxe).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: libros dixitais, distintas apps, cámara de fotos, ordenador de aula, pantalla dixital, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots , reproductor musical, reproductor de DVD
Material funxible: papeis, rotuladores, témperas, xices, lápises, caderno, chinchetas, tesoiras ...
Material sensorial: mesa de luz, contos manipulativos, teas de distintas texturas, papeis transparentes de cores, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña, sal...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, dicionarios, anuarios, atlas, álbumes...
Material curricular: cadernos de traballo, vídeos didácticos, currículo, P.E...
Material artístico: papeis, pinceis, pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: espaldeiras, aros, bancos, estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo (tapóns, xornais, botellas ...), elementos naturais (pedras, paos, cunchas...), pezas soltas...
Material de xogo simbólico: coches, trenes, disfraces, oficios, cociña ...

Instrumentos musicais: xilófono, axóuxeres, fruta, triángulo...

Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias)e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)

A Horta: dispoñemos dunha horta na zona de Belvís cedida polo concello que o cole e a nosa clase de 6º de infantil, utilizamos con fins educativos.

Os materiais e recursos que utilizamos na etapa de infantil especialmente no últimos curso son soportes de axuda para a intervención pedagóxica que realizamos para un maior enriquecemento da aprendizaxe do alumnado, canto mais variados sexan os tipos de materiais máis enriquecedor será.

Consideramos como recursos educativos todos aqueles materiais que poden ser utilizados na aula con fins educativos.

Na clase de 6º El e no centro utilizamos os espazos de xeito variable, movendo mobiliario para dispor de novas zonas puntuais.

Cando falamos de materiais didácticos en infantil temos que ten en conta que éstos deben ser: seguros, resistentes, duraderos, de manexo sinxelo. motivador, polivalente e non estruturado.

Á hora de programar os materiais a utilizar non esquecemos que utilizar materiais da contorna axuda e integrar á escola coa contorna, traer materiais do fogar axuda a integras á familia na escola, cando utilizamos materiais doutras aulas do centro facilitamos a interacción interescolar ... todas estas cuestión poñen de manifesto moitos dos puntos básicos da filosofía do noso centro educativo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será o primeiro paso para levar a cabo a planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, para acadar o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado sempre tendo en conta as súas posibilidades.

Na primeira unidade do curso, levarase a cabo a avaliación inicial a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Estos criterios veñan marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: S(sen dificultade), P (en proceso), C (con dificultade), de forma que o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado.

Os indicadores establecémoslos, de forma consensuada entre o profesorado, a partires dunha criba dos establecidos no XADE para o nivel de Educación Infantil

Criterios de recuperación:

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

Cando falamos de atención á diversidade estamos a recoñecer que cada alumno/a é unha persoa única e irrepetible, coa súa historia, afectos, motivacións, necesidades, intereses, sexo, ... estamos a falar de que os grupos-clase non son homoxéneos, polo que é necesario traballar de forma que o noso alumnado aprenda e progrese de forma que poida acadar os obxectivos educativos da etapa de educación infantil.

A nosa acción educativa vai encamiñada a compensar as desigualdades entre o noso alumnado derivadas de factores socio-económicos, culturais, xeográficos ou de outra índole.

Entre as medidas adoitadas están:

- Secuenciar os obxectivos e contidos atendendo ao carácter cíclico dos mesmos.
- Graduar as dificultades das actividades, con actividades tanto de reforzo como de ampliación.
- Organizar os contidos respondendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Avaliar ao alumnado en función do seu progreso con respecto ao seu nivel inicial (avaliación inicial)
- Analizar as dificultades atopadas no proceso de aprendizaxe e non só no resultado, e adoptando as decisións oportunas no momento no que aparecen.
- Crear un clima de respecto, aceptación e valoración entre todo/a o alumnado.
- Combinar agrupamentos homoxéneos con agrupamentos heteroxéneos.
- Constancia nas tarefas avaliación, rexistro e reflexión por parte do profesorado con respecto o progreso do alumnado.

É importante plasmar por escrito, os logros, avances e dificultades atopadas entre o alumnado, pois desta forma poderemos:

- Contrastar as nosas observacións co resto de profesorado.
- Evitar pasar por alto pequenos progresos ou dificultades.
- Evitar incidir sobre o que xa saben facer ou poñer tarefas moi complicadas.

Para establecer as medidas, estratexias e pautas de actuación coordinarémonos todo o profesorado que imparte clase na aula (especialistas)

A diversidade de alumnado enriquece o grupo-clase pero implica unha programación de carácter aberto, flexible, preventivo e compensador.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X			X		
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X			X	
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos		X		X		X
ET.5 - Educación para un consumo responsable		X	X	X		X
ET.6 - Educación igualitaria e non estereotipada	X	X		X		
ET.7 - Educación para o seguridade viaria	X	X		X		

Observacións:

A transversalidade surge da necesidade de enfrentar certos problemas que se detectan na sociedade e en consecuencia na escola. Son problemas como os relacionados co medio ambiente, a violencia (escolar, de xénero ...), a discriminación ... Reflexan a preocupación que a escola manifesta sobre os problemas sociais, Conectan á escola coa contorna, intentando fomentar no alumnado valores coherentes e intentando darlles ferramentas para adoptar unha actitude social crítica.

Na programación de 6º de EI podémoslo agrupar nos seguintes grandes grupos: Educación para a Saúde, Educación para a Igualdade, Educación para o/a Consumidor/a, Educación Ambiental e Educación para a Paz.

Estos temas impregna todo o proceso de ensino-aprendizaxe pois entendemos que os temas transversais son contidos básicamente actudiniais, son valores importantes para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado e, en consecuencia, para a consecución dunha sociedade máis libre, democrática, respetuosa e tolerante.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas	Ao Museo do Pobo Galego (tanto visita como participación en exposicións) , Praza de Abastos...	X	X	X
Actividades organizadas polo Concello	Galicreques, Concertos do Auditorio, Actividades de Animación á Lectura de Kalandraka ...	X	X	X
Participación das familias	Contacontos, obradoiros de cociña, manualidades como Antroido para elaborar disfraces, ou Nadal ...	X	X	X
Saídas	Parques da cidade (Belvís e Bonaval), o Barrio (comercios roteiros ...)	X	X	X
Actividades organizadas por organismos oficiais	Programa de Educación Viaria da Policía Local de Santiago	X	X	X
A horta	Dispoñemos dunha horta cedida polo concello, na que facemos actividades ao longo do ano, non só infantil senón todo o centro (sementar, regar, colleita ...)	X	X	

Observacións:

No centro dáselle unha especial relevancia ás actividades complementarias, entendidas como aquelas actividades que dentro do horario escolar, teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivos dados os espazos e con recursos utilizados.

En 6º de Educación Infantil participamos especialmente nas actividades propostas polo Concello de Santiago, por distintas asociacións e organismos oficiais ...

Tamén destacaremos a importancia que lle damos ás familias nesta actividades pois colobaron tanto en talleres e obradoiros (de cociña, de experimentos, de manualidades ...) como dando charlas, como facendo conta-contos, tamén colaboran en actividades como Samaín, antroido, magosto ...

Dentro destas actividades tamén destacamos as saídas que facemos pola contorna, o barrio de San Pedro e as zonas verdes xa que temos o privilexio de estar preto do Parque de Bonaval e o Parque de Belvís.

Estas zonas non só as aproveitamos de cara a natureza senón que tamén facemos uso delas para levar a cabo actividades de días concretos como o Día do Deporte.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elementos curriculares presentes nas actividades
Temporalización de actividades adecuadas.
Metodoloxía empregada
Deseño das actividades adecuadas á diversidade do alumnado
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Empréganse diversos recursos didácticos.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe en función dos resultados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información , para expresarse e para fomentar a motivación.
Medidas de atención á diversidade
Contéplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación entre todo o equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Os indicadores anteriormente expostos utilizaráse para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se

reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. A estrutura física do colexio (ten catro andares) dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil.

9. Outros apartados